Palla Brillante

de Daniel Pennac

A loba Chama Negra tivo sete cachorros. Cinco deles eran de cor tella avermellada, como os ollos da súa nai. Chamábanos Cabezas Rubias. O sexto cachorro, Lobo Azul, tiña a pelaxe tan azulada como a auga xeada. O sétimo, unha pequena loba loura, era como un raio dourado. Facíache entornar os ollos con só mirala. Os seus irmáns chamábana Palla Brillante.

Os cachorros medraron ata converterse en novos lobos. Non obstante, nunca viran un ser humano. Polo menos non de preto. Observaban os humanos dende o cumio do outeiro máis alto. Podíanos ver camiñando sobre dúas patas. Pero, que aspecto tiñan de preto?

A súa nai contáballes historias de humanos que non sempre entendían. Unha vez díxolles:

—Os seres humanos son coleccionistas.

Palla Brillante era unha cazadora extraordinaria. Era máis rápida que os Cabezas Rubias. Tiña a vista e oído máis agudo que Chama Negra e un olfacto máis sensible que Lobo Azul.

Adoitaba deterse de súpeto, elevando o fociño cara ao aire, e dicía:

—Hai un rato!

—Onde? —preguntaban os Cabezas Rubias.

—Por alí. —E sinalaba un punto a trescentos metros. Cando chegaban, atopábanse con que o rato xa se escondera baixo a terra.

Os Cabezas Rubias sorprendíanse.

—Como o soubeches?

—Polo meu fociño —respondía ela.

En verán, cando ían cazar parrulos, os Cabezas Rubias nadaban cara á súa presa sen facer ruído, mantendo só a punta do fociño fóra da auga. Case sempre, os parrulos saían voando xusto diante dos seus narices. Palla Brillante esperaba na beira, encollida como un gato sobre a herba seca. Os parrulos iniciaban o voo torpemente case rozando a auga. Cando o parrulo máis pesado pasaba voando sobre a súa cabeza, acción!

—Como fixeches iso? —preguntaban os Cabezas Rubias.

—Cos ollos! —contestaba Palla Brillante.

Tiña unhas patas tan rápidas que ata podía atrapar lebres (algo que ningún outro lobo conseguira antes).

Malia estas proezas, Palla Brillante deixaba escapar as ocasións máis doadas. Podía estar a perseguir a un vello e cansado cervo, pero, de súpeto, desviaba a súa atención cara a un paxaro que voaba sobre a súa cabeza. Ao erguer a vista tropezaba coas súas propias patas e rebentaba coa risa mentres rodaba polo chan.

—Non tomas nada en serio —queixouse un día Lobo Azul.

—E ti nunca ves o lado divertido das cousas —contestou ela.

A Lobo Azul non lle gustou a súa resposta. —Por que te ris tanto Palla Brillante?

Ela mirouno aos ollos e contestou:

—Porque estou aburrida. Nunca pasa nada; nunca cambia nada!

Como estaba aburrida, Palla Brillante decidiu que quería ver algo novo. Quería ver que aspecto tiñan os seres humanos a curta distancia.

Unha noite chegou a súa oportunidade. Un grupo de cazadores seguía de preto o rastro dunha familia de lobos. Os cazadores montaran o seu campamento nun prado non lonxe da gorida. Palla Brillante podía ulir o fume das súas cacharelas. Podía ata oír como renxía a madeira seca.

—Xa está, marcho! —díxose a si mesma. Estarei de volta antes de que amenza. Por fin vou ver o aspecto que teñen. Así terei unha historia que contar para facerlles a vida máis interesante a todos.

Había unha hora que marchara, cando Lobo Azul espertou presentindo que algo ía mal. Adiviñouno enseguida.

—Téñoa que alcanzar —pensou el. Pero non puido chegar a tempo.



Cando chegou ao campamento dos cazadores, viu os homes bailando á luz do lume, ao redor dunha rede que colgaba dunha árbore atada cunha grosa corda. Dentro da rede estaba Palla Brillante, chiando os dentes con furia. Os cans saltaban excitados debaixo da rede.

—Se mordo a corda —pensou Lobo Azul—, a rede caerá no medio de todos eses cans. Ela é máis rápida ca eles e poderemos fuxir. Tería que saltar sobre as cacharelas, que é algo que aos lobos non lles gusta facer. Pero era a única forma e había que facelo pronto. Non había tempo para ter medo. Tiña que pillalos por sorpresa.

Xa estaba a saltar polo aire, sobre as lapas, por enriba dos homes e da rede. Rompeu a corda dun tirón cos dentes e berrou: —Corre Palla Brillante!

Os homes e os seus cans aínda estaban confundidos mirando na escuridade da noite.

Palla Brillante dubidou: —Síntoo, Lobo Azul, eu...

E entón, foi o caos. Lobo Azul empurrou dous dos cans cara ás lapas.

—Corre e coida da familia!

Lobo Azul viu como Palla Brillante daba un enorme salto. Logo, desapareceu na noite.

Non houbo tempo para celebralo. Un dos homes estaba diante del a axitar unha rama. O golpe chegou por sorpresa. Lobo Azul sentiu que a cabeza lle explotaba. Mentres a escuridade se enchía de estrelas, xirou sobre si mesmo e caeu.

Cando espertou, estaba só. Acabara nun zoolóxico, rodeado de animais que non coñecía e que tamén estaban engaiolados.

—Os seres humanos son coleccionistas.

Agora entendía o significado das palabras da súa nai.

1.
Por que se chamaba a pequena loba Palla Brillante?

(A) Os seus ollos eran como un raio dourado.

(B) A súa pelaxe era como un raio dourado.

(C) Era tan rápida como un raio dourado.

(D) Xogaba cun raio dourado.

2.
Por que Palla Brillante cazaba mellor ca os outros lobos?

(A) Porque saía mentres os outros durmían.

(B) Porque tomaba moi en serio cada oportunidade.

(C) Porque escoitaba atentamente as historias da súa nai.

(D) Porque era máis rápida e tiña os sentidos máis agudizados.

3.
Cando Palla Brillante estaba a cazar, poñíase “encollida como un gato sobre a herba seca”.
Por que lle axudaba isto a ser unha mellor cazadora?

1

4.
Que podía atrapar Palla Brillante que ningún outro lobo atrapara antes?

(A) Cervos.

(B) Lebres.

(C) Parrulos.

(D) Ratos.

5.
Por que ás veces Palla Brillante desaproveitaba as ocasións máis doadas de cazar con éxito?

(A) Porque saltaba demasiado alto.

(B) Porque se distraía.

(C) Porque se asustaba.

(D) Porque se perdía.

6.
Que queixa tiña Lobo Azul de Palla Brillante?

(A) Que nunca tomaba nada en serio.

(B) Que rebentaba coa risa.

(C) Que atopaba máis animais ca el.

(D) Que era máis rápida ca os outros lobos.

7.
Como estaba aburrida, que quería facer Palla Brillante?

(A) Ser a mellor cazadora.

(B) Ver os humanos de preto.

(C) Atopar cousas das que se rir.

(D) Ser coleccionista.

8.
Que lle fixeron os cazadores a Palla Brillante?

(A) Enviala a un zoolóxico.

(B) Golpeala cun pau.

(C) Atrapala nunha rede.

(D) Tirala ao río.

9.
Que dúas cousas fixo Lobo Azul para lle axudar a escapar a Palla Brillante?

1 **1.**

1 **2.**

10.
Por que dixo Palla Brillante: “Síntoo, Lobo Azul”?

1

11.
Que foi o que fixo que Lobo Azul comprendese o sentido das palabras da súa nai: “Os seres humanos son coleccionistas”?

(A) Espertar só.

(B) Espertar nun zoolóxico.

(C) Ver os cazadores de preto.

(D) Ver a Palla Brillante dentro dunha rede.

12.
Das seguintes palabras, elixe unha que, na túa opinión, describe a Palla Brillante.

- ◯ Insensata
- ◯ Curiosa
- ◯ Valente

Explica que fai ela na historia para que penses iso.

2

13.
Sabes como era Lobo Azul polo que fixo e dixo.
Describe como era Lobo Azul e pon dous exemplos do que fixo ou dixo que o demostren.

3

14.
Sería mellor titular a historia Lobo Azul que Palla Brillante?
Marca a opción que elixas.

- [ ] Si.
- [ ] Non.

Que che fai pensar así tendo en conta a historia?

2

Original ID	ShinyStraw
Title	Shiny Straw
Answer code	
Images	